RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da automatización e robótica industrial, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d
CA4.4.2 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa
CA4.4.3 Procedeuse con coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira
CA4.4.4 Manexáronse en profundidade os contratos e a letra de cambio

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de automatización e robótica industrial: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.
Corrección na elaboración da documentación administrativa financeira
Manexo en profundidade dos contratos e a letra de cambio



**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	O proxecto empresarial. Importancia e utilidade.	5

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da automatización e robótica industrial, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de automatización e robótica industrial tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

**4.10.e) Contidos**

Contidos
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da automatización e a robótica industrial
Localización da empresa.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de automatización e robótica industrial.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os Mínimos Esixibles e non esixíbeis son os establecidos no apartado 4C.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

**CALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS:** os seguintes criterios teranse en conta á hora de calcular a cualificación de cada trimestre dos alumnos con dereito á avaliación continua.

- Probas escritas trimestrais: Cun peso do 60% da puntuación total da cualificación. Esta proba poderá constar dunha serie de preguntas teóricas e **EXERCICIOS PRÁCTICOS**, cunha valoración de 0 a 10. É imprescindible obter un mínimo dun 4 sobre 10 nesta proba para poder superar o módulo.

Orientativamente, as preguntas das probas e exercicios prácticos serán como mínimo 3 e como máximo 5, podendo conter apartados e subapartados.

- Traballos **PRÁCTICOS** sobre os contidos realizados previamente na aula e na casa. Nestes traballos valorarase tres aspectos fundamentais: A correcta resolución, a claridade da presentación e as destrezas de comunicación oral. Representarán un máximo dun 10% da nota.

Igualmente neste apartado valorarase a capacidade para traballar en equipo de xeito respectuoso e cooperativo así como o esforzo e organización para a consecución dos obxectivos do módulo. Representará un máximo dun 10% da nota.

- Proxecto ou **PLAN DE EMPRESA:** Será preceptiva para todos os alumnos, a entrega dun Plan ou Proxecto de Empresa, ao final do curso, nas datas que o profesor indicará ao inicio. Terán un valor máximo dun 20% na configuración da nota final.

Sen a presentación do Proxecto ou Plan de Empresa non será posíbel superar o módulo.

Cando un/unha estudante non supere a proba dun trimestre, terá dereito a presentarse a unha proba de recuperación, tal e como se especificará no apartado 6 desta programación.

En caso de non superar o exame de recuperación, o/a alumno/a terá unha nova oportunidade de facelo no exame de Recuperación Final ou **EXAME FINAL** que se programará para o mes de xuño.

Neste exame, cada estudante terá dereito a recuperar o trimestre que non aprobouse ata esa data. Por tanto, poderá examinarse de 1, 2 ou 3 trimestres.

**CUALIFICACIÓN FINAL:** obterase calculando a media aritmética das cualificacións trimestrais, tendo en conta o especificado para os/as estudantes que deban realizar os exames de recuperación.

Os alumnos que non teñan as tres avaliacións superadas e aqueles que teñan perdido o dereito de avaliación continua, deberán realizar o **EXAME FINAL** para superar o módulo. En todos os casos deberán entregar o Proxecto de Empresa, que terá un valor máximo de 2 puntos, de forma que o

valor dos exames representará un máximo de 8 puntos na nota final.

Criterio de cualificación na recuperación final ou EXAME FINAL: proba escrita, comprensiva de preguntas teóricas e EXERCICIOS PRÁCTICOS, 80% e Proxecto ou Plan de Empresa, 20%. Non poderá superarse o módulo sen presentar o Plan de Empresa.

#### OBSERVACIÓNS

Nas probas escritas non se poderán utilizar teléfonos, iphones ou pda en substitución da calculadora, que será simple. A utilización de apuntes, "chuletas" ou calquera outro medio destinado a copiar as contestacións provocará a invalidación das contestacións da proba. En todo caso, será necesario obter un mínimo de 4 sobre 10 nos exames de cada avaliación parcial para poder superar o módulo.

#### PERDA DE DEREITO Á AVALIACIÓN CONTÍNUA

Os/Os alumnos que teñan perda o dereito de Avaliación Continua terán dereito a realizar tan só un exame final no mes de xuño, nas datas que oportunamente se indicarán na aula e que o alumnado poderá coñecer tamén a través da titoría.

A perda da avaliación continua producirase cando se supere o 10 % de faltas de asistencia, sobre as sesións previstas para este curso conforme o calendario do Centro.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Se fôr necesario o profesor deseñará unha serie de exercicios e actividades a realizar polos/as estudantes que suspendan un trimestre, para que eles/as poidan realizalos de forma autónoma fóra do horario escolar e poder preguntar dúbidas na hora semanal de titoría ou durante as clases, se fose necesario.

Estas tarefas do alumnado serán as mesmas cas realizadas en relación coas unidades didácticas traballadas durante o trimestre, modificando datos e levando a cabo unha atención educativa máis individualizada.

Igualmente poderán establecerse polo profesor actividades de reforzo para realizar polos alumnos e alumnas con dificultades para conseguir os obxectivos do módulo, aínda que aprobasen o trimestre, tal e como se expón no apartado 8 desta programación.

Os/as estudantes que non superen algunha avaliación trimestral, terán unha nova oportunidade de facelo na proba escrita de recuperación programada para ser realizada con posterioridade á proba corresponde ao trimestre. Esta proba terá a mesma estrutura e número de preguntas que a inicial e terá o mesmo valor.

En caso de suspendela aínda poderán realizar unha proba escrita de recuperación Final ou Exame Final que se programará para o mes de xuño. Nela, cada alumno/a terá dereito a recuperar o trimestre que non aprobase ata esa data. Polo tanto, na súa proba inclúiranse supostos prácticos, exercicios de cálculo numérico e preguntas de resposta breve correspondentes ás unidades didácticas dos trimestres 1, 2 e/ou 3.

O criterio de cualificación na Recuperación Final ou Exame Final será o seguinte: Proba escrita: 80%. Proxecto ou PLAN DE EMPRESA: 20%

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

De acordo co artigo 25.3 da Orde de 12.07.11 o alumnado que acumule un número de faltas de asistencia superior ao 10% das sesións de clase, perderá o dereito a avaliación continua. Neste módulo o número de faltas son 7.

Os instrumentos que se empregarán para avaliar a estes alumnos son:

Proba escrita, de entre 3 e 5 preguntas, que poderán conter apartados e subapartados e que incluírá diversas preguntas teóricas de toda a materia, no que se incluírán contidos das 9 unidades didácticas, xunto con casos prácticos a resolver, no que se incluírán exercicios de cálculo numérico.

O alumno deberá entregar previamente o Proxecto ou PLAN DE EMPRESA na mesma data que a sinalada para o resto do alumnado. A tal efecto, a Unidade Didáctica 10, contén indicacións sobre como debe desenvolverse e serán clarificadas polo profesor na aula, cando o alumno o solicite, sobre o seu proxecto de empresa, en particular.

A proba realizarase no mes de xuño, denominarase Recuperación final ou Exame Final e indicarse oportunamente.

Criterio de cualificación: proba escrita 80% e Proxecto de Empresa 20%. Sen entregar o Proxecto de Empresa non será posíbel aprobar o módulo. O profesor tomará en consideración os elementos de avaliación de que dispoña, singularmente os exames que teña realizado e os traballos encomendados con carácter obrigatorio para os alumnos da clase.

En tal sentido, o alumno ou alumna que perda o dereito á avaliación continua deberá estar pendente dos traballos que se requiran polo profesorado, con independencia de realizar o exame final e entregar o Plan ou Proxecto de empresa, segundo quedou dito, que será indicado nos taboleiros do Instituto e do que poderá informarse nas horas de tutoría ou nas clases.

Os criterios de avaliación neste caso son os mesmos que os establecidos para os alumnos que non perderon o dereito de avaliación continua.

Ao comezo do curso o profesor indicará aos alumnos como vai ser as probas parciais e a proba final e como serán tamén as das avaliacións trimestrais, para que estes saiban como preparalas.

Os alumnos que teñan superadas todas as avaliacións parciais non terán que realizar a proba final se ben poderán facela se queren mellorar a cualificación obtida.

A superación dunha avaliación posterior non implica a superación da anterior, se esta tivese unha cualificación menor do 4, debido a que son materias moi diferentes en cada unha delas.

En todo caso é preceptiva a entrega do Plan ou Proxecto de empresa, para que poida corrixirse o exame final e para que o alumno poida acadar a superación do módulo.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A Programación, como guía do proceso de ensino aprendizaxe no período dun curso académico e como garantía para o alumnado, debe ser cumprida integramente.

Sen embargo, como elemento vivo que é, estará sometida a adaptacións no tempo e nos contidos que, ao longo dos anos irán dando a medida das correccións que se deban introducir para que cumpra mellor a súa función.

Neste sentido cómpre ter un procedemento de seguimento da Programación que ten que basearse na revisión semanal, polo menos, de si os contidos e as tarefas propostas se están cumprindo segundo a previsión establecida. Iso conséguese realizando o seguimento nesta

aplicación.

No caso de establecer modificacións, estas deben ser recollidas e posteriormente incorporadas á Memoria de Fin de Curso.

Estas modificacións non deben ter a súa orixe só nos criterios do docente senón que este deberá considerar outros elementos á marxe da propia experimentación, facilitando a participación ao alumnado para que exprese o seu grado de satisfacción co sistema seguido para acadar os obxectivos establecidos.

Algúns dos aspectos que o profesor deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.

Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado

Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor

Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos

Ambiente de traballo, relación entre os alumnos, e entre alumnado e o profesor.

TICs: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.

Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos

Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados

Algúns instrumentos para avaliar a práctica docente son:

Cuestionarios anónimos. Aproveitarase, de darse durante o curso, as prácticas do CAP para realizar este tipo de cuestionarios.

Informes dos traballos en equipo.

Notas recollidas na realización de tarefas.

Entrevistas con alumnado e profesorado.

Debates.

Resultados do proceso de aprendizaxe nas avaliacións trimestrais e na final.

A fin de avaliar estes aspectos pasarase ao alumnado, xunto co último exame que realicen, igual que en anos anteriores, o seguinte

CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN:

CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN DO PROFESOR: Manuel Merens  
CURSO 2018 / 2019

Preguntas:            1            2            3            4            5

Cres que domina a materia explicada?

Explica de forma clara e sistemática?

Resulta amenas e variadas as explicacións?

Amosa a vertente práctica dos temas na vida cotiá?

Organiza e controla correctamente a clase?

Comeza con puntualidade?

Utiliza recursos didácticos axeitados?

Domina os procedementos informáticos de uso na clase?

Facilita apuntes e materiais axeitados?

Manifesta unha actitude respectuosa e receptiva?

Atende correctamente as preguntas?

Sabe motivar?

Fomenta e facilita a participación?

En conxunto, estás satisfeito/a co traballo do profesor

1	2	3	4	5
Totalmente en desacordo	En desacordo	De acordo	Bastante de acordo	Totalmente de acordo
Puntuación:				
Se o desexas, indica aspectos docentes que cres que debería mellorar:				

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos, competencias e experiencias persoais e laborais previas; motivacións e expectativas ante a aprendizaxe; interese persoais, profesionais e vocacionais; competencias básicas e específicas; ritmos de traballo e de aprendizaxe; situacións persoais e familiares; habilidades e destrezas desenvolvidas; orixe nacional ou étnico; contorna socioeconómica do lugar de residencia; discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais e sobredotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

En xeral deben distinguirse tres momentos clave no proceso de avaliación do alumnado:

A inicial, que se realiza ao comezo do curso e ao inicio de cada unidade didáctica.

A formativa ou continua, a levar a cabo ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe.

A final, realizada ao final do curso e que é o resultado da suma das valoracións parciais levadas a cabo durante a avaliación continua.

#### Avaliación Inicial

A avaliación inicial ten como obxectivo identificar os coñecementos, destrezas e competencias previas coas que conta o alumnado antes de comezar a traballar os contidos do módulo. Consideraranse os estudos previos, a experiencia profesional e as vivencias en relación aos contidos de cada Unidade.

#### Avaliación Formativa

Desenvólvese ó longo de todo o proceso formativo do alumno co obxecto de coñecer a súa evolución, determinar se están a conseguir os obxectivos marcados, e reorientar e mellorar a actuación na aula. Tanto dende o punto de vista legal como pedagóxico, a avaliación ha de ser continua para así garantir a consecución dos obxectivos.

#### Avaliación Final

Na avaliación dos alumnos e alumnas e na configuración da súa cualificación definitiva terase en conta ademais dos exames, corrixidos conforme a criterios obxectivos, a participación do alumno/a, a asiduidade ¿preceptiva e necesaria- e a actitude na clase. De tal maneira que todos estes elementos configuren valores a considerar e non só o exame.

#### Procedementos para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das aulas, no momento de cubrir as fichas persoais dos alumnos, realizarase unha valoración de cada un deles, a partir dos datos académicos e de experiencia profesional, que facilite ao profesor.

A tal fin, ao inicio de curso, o profesor coordinarase co titor do curso anterior e con outros profesores que traballen co grupo para recoller información sobre os coñecementos previos do alumnado. Valorará a información dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada e consultará co departamento de Orientación en caso de detectar alumnos con necesidades educativas especiais ou que requiran apoio educativo específico

En cada Unidade Didáctica realizarase un suposto práctico ou un cuestionario inicial que indique o nivel de coñecementos do alumnado a respecto da materia a impartir, téndoo en conta para adecuar os medios didácticos a utilizar. Servirá igualmente para que o alumnado vexa a importancia práctica da temática da Unidade.

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Cómpre que calquera alumno ou alumna poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo, adoptando medidas de reforzo e apoio, pero sen que estas afecten, de forma significativa, á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais, tal e como establece o decreto 114/2010.

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, interese persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobre dotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas.

Tomando en consideración o establecido pola LOE e polo Decreto 114/2010 respecto á atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirles realizar exercicios, supostos e exames co emprego do ordenador e ferramentas informáticas.

Agrupamentos: á hora de traballar en equipo, estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si.

Adaptacións curriculares non significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo.

Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.

Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

A experiencia dos últimos anos non vén indicando a necesidade de medidas especiais de atención á diversidade, máis alá dalgunha diferenza idiomática, en relación coa fala en que se imparte este módulo, o galego, por parte de alumnos que procedían de países estranxeiros, de fala castelá.

Tales diferenzas foron sempre resoltas acomodando puntualmente o vehículo de comunicación oral ás dificultades do alumno ou alumna e procurando espertar neles o interese e a apreciación do idioma galego, en que vén impartíndose este módulo, en atención ao reparto de módulos do ciclo entre galego e castelán.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A normativa en vigor contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.

Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando as distintas unidades didácticas do módulo. Deste xeito, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea a transmisión de coñecementos.

Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar, o profesor ou profesora, poderá programar puntualmente actividades, temas ou charlas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección do Instituto, contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas.

Algúns destes valores que deben ser transmitidos de forma transversal:

Día do emprendedor, prestarase atención á celebración de actos na localidade organizados por entidades empresariais, cámara de Comercio, Asociacións de emprendedores, etc, para fomentar o encontro con perso-as dedicadas ao mundo do negocio, que poidan transmitir experiencias no campo da creación de empresas.

Educación ambiental, relacionada coas cuestións de desenvolvemento respectuoso co medio, xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara á favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.

Educación para a Saúde, presente en todos os ámbitos da vida: fabricar produtos sans, importancia dunha dieta san e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc

Igualdade de oportunidades / Rexeitamento do Sexismo / Multiculturalidade: fomentar unha posición actitudinal axeitada, ao longo de todo o curso, transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc, así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar, o profesor, poderá programar actividades, temas ou charlas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección, contribúan a lograr os obxectivos do módulo e xerais do ciclo.

Prestarase especial atención á celebración da Constitución, ao Día do Emprendedor, Día do Consumidor, Paz, Violencia de Xénero, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.



## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Para o presente curso preténdese realizar, como vén sendo habitual en cursos pasados, algunhas actividades que acheguen o alumnado ao mundo da empresa.

Neste sentido, poderán ser organizadas polo Departamento de FOL, o profesor e a Dirección do Centro, actividades complementarias tales como: Charla en colaboración con sindicatos e asociacións patronais e empresariais.

Charlas en colaboración coa Cámara de Comercio e a Asociación de Xoves Emprendedores.

Igualmente procurárase a participación nas Actividades extraescolares organizadas polo centro e que deben figurar na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar para realizar fóra de horario lectivo e de forma voluntaria, en colaboración coa Dirección e outros Departamentos.

En particular naquelas que estean máis relacionadas co módulo de EIE, tales como:

-Visita a feiras de produtos novos, que se organicen na comunidade galega ou fóra dela, sempre que exista orzamento para organizar os desprazamentos.

-Visita a empresas e negocios do contorno.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Secuenciación da Programación e libro de texto

Na primeira aula de comezo do curso os alumnos e alumnas serán informados da presente programación, e do número de unidades de que consta, así como dos contidos de cada unha delas e dos textos a utilizar para o estudo e preparación. O profesor seguirá o libro, en galego, da Editorial Xerais:

Será informado igualmente da realización das probas de avaliación e das normas de réxime interno que rexen a vida da comunidade educativa do IES Politécnico de Vigo.

Tamén serán informados das datas previstas para a realización de todos os exames, que deberán ser confirmadas polos alumnos, na aula, nas proximidades dos días sinalados, por se houber algunha variación coas indicadas no primeiro día da clase.

Igualmente darase a coñecer a data da entrega do Proxecto de Empresa e a prevista para exposición, se ben deben ser confirmadas na aula segundo se vaia achegando as datas.

Porase en coñecemento o número de faltas de asistencia que dará lugar á perda da avaliación continua. Neste módulo, establécese o número de 7, por estar prevista a impartición dun total de 68 sesións durante o presente curso.

A cumprimentación dos datos da ficha do alumno será indicativa da súa asistencia a esta primeira sesión e dará constancia de que foi informado de canto antecede.

Protocolo COVID ou análogo- No suposto de que se produzan situacións de ensino mixto ou non presencial, usaríamos ferramentas dixitais como aula virtual, whatsApp, correo, videoconferencias e outras e se darán instrucións específicas, chegado o momento, encanto as avaliacións dos resultados de aprendizaxe.